



(Secretaría)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

### CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso, Secretaria do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data 27 de abril de 2015, foi adoptado pola Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

**6º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR"; SEGUNDO PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL.** Vista a proposta de data 16-04-2015 da Concelleira de Benestar Social, en relación co asunto de referencia.

Visto o expediente tramitado, de contratación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Visto que dentro de prazo presentáronse ao procedemento de contratación as seguintes empresas:

- SERVIZOS SOCIAIS Á COMUNIDADE S.L.
- ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA S.L.
- AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
- IDADES S.L.
- SERVICIOS SOCIALES ULLA-SAR, S.L.

Visto que examinado o sobre A "documentación administrativa", da empresa Servizos Sociais á Comunidade S.L., atopáronse diversos defectos non subsanables, acordándose por tanto a súa exclusión deste procedemento.

En canto ás restantes empresas que foron requiridas, as únicas que subsanaron a documentación solicitada e como consecuencia continúan no procedemento de contratación foron AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA e IDADES S.L.,

Visto o informe de valoración emitido pola responsable do Departamento de Servizos Sociais e Vocal da Mesa sobre a documentación contida no sobre B (valoración non automática).

Visto que, revisada novamente a documentación presentada e segundo se acordou pola Mesa requiríuselle novamente á empresa IDADES S.L., por atopar un defectos que se considera subsanable e que non se lle requirira no seu momento.

Visto que a indicada empresa subsanou correctamente o defecto atopado.

Vista a acta da reunión da Mesa de data 18-02-2015, na que se procedeu á apertura do sobre C (oferta económica).

Visto que a Mesa en reunión celebrada o día 4-03-2015 procedeu a calcular as puntuacións relativas aos criterios de valoración automática, de conformidade co estipulado no Prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

- AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA: 41 puntos.
- IDADES S.L., 41 puntos.

Visto que a Mesa realizou o cálculo das puntuacións finais outorgadas que quedan do xeito que se reflicte a continuación:

AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA:

- Criterios de valoración que dependen dun xuízo de valor:
    - Proxecto de Traballo: 23 puntos.
    - Melloras: 8,5 puntos.
  - Criterios de valoración automática:
    - Prezo: 41 puntos.
- TOTAL: .....72,5 PUNTOS.

IDADES S.L.:

- Criterios de valoración que dependen dun xuízo de valor:
  - Proxecto de Traballo: 19 puntos.
  - Melloras: 8,6 puntos.
- Criterios de valoración automática:
  - Prezo: 41 puntos.

TOTAL: .....68,6 PUNTOS.

Vista a adenda á acta da Mesa de contratación celebrada o día 4-3-2015, relativa ao cálculo do prezo/hora de Axuda Sociedade Cooperativa Galega.

Visto que en consecuencia co anterior a Mesa realiza ó órgano de contratación a correspondente Proposta preliminar de adxudicación en favor do licitador que obtivo a maior puntuación: AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de 17-04-2015.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de 6 de xullo de 2011.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Adxudicar a AXUDA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (con CIF F36191625 e enderezo na Avda Benito Vigo nº 5, entrechán B - A Estrada) o contrato do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA ESTRADA, polo importe total de 1.019.514,82 euros (exenta de IVE) do xeito que a continuación se desglosa:

a) Modalidade de Prestación básica: Importe total: 184.794,82 € (Prezo unitario: 11,11 euros/hora,).

b) Modalidade de prestación a Persoas Dependentes: Importe total: 834.720 € (Prezo unitario 11,75 euros/hora,).

Todas estas cantidades están exentas de IVE.

**Segundo.-** Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente Acordo aos licitadores:

- IDADES, S.L., con enderezo na rúa Pastor Díaz nº 1, 7ºB - 36001 Pontevedra.
- SERVIZOS SOCIAIS Á COMUNIDADE S.L., Avda Montecelo nº 5, baixo, Mourente - 36164 Pontevedra
- ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA S.L., Rúa Loureiro nº 1, baixo nº 1, Local B, Barrantes - 36636 Ribadumia.
- SERVICIOS SOCIALES ULLA-SAR, S.L., R/Dolores nº 12 - 15900 Padrón.

E para que conste, e aos efectos legais oportunos, expido a presente de orden e co visto e prace do Sr. Alcalde, na Estrada a vinte e oito de abril de dous mil quince.



Vº Pr.  
ALCALDE,

José C. López Campos



A SECRETARIA.,

Lucía Artime Alonso